

VACACIÓNS E TURISMO SOCIAL PARA MAIORES 2016/2017

O Concello de A Coruña convoca prazas gratuítas para viaxar dentro das quendas programadas polo IMSERSO.

SOLICITUDE

O impreso de solicitude recollerase na rede de centros cívicos municipais e na Oficina Municipal de Dependencia, Maiores e Discapacidade (OMAD), situada na Rúa Doutor Enrique Hervada, nº 4 , baixo. Presentarase na OMAD, **do 2 ao 10 de xuño** no horario de **9.00 a 13.30 h.**

Coa solicitude é necesario presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI das persoas solicitantes.
- Xustificante mensual actualizado da pensión de todas as persoas solicitantes ou certificado negativo de pensións si é o caso.
- Autorización asinada, que consta na solicitude, a favor do Concello da Coruña para realizar a consulta de datos tributarios das persoas solicitantes ou fotocopia de declaración da renda correspondente ao exercicio 2015.

A OMAD resérvase o dereito a solicitar calquera outra documentación que sexa necesaria para acreditar os requisitos do programa.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

(a) Persoas empadroadas e residentes no Concello da Coruña.

(b) Atoparse nalgunha das seguintes situacións:

- Ser pensionista de xubilación do Sistema Español de Pensións.
- Ser pensionista de viuvez con idade igual ou superior aos 55 anos.
- Ser pensionista por outros conceptos con 60 ou máis anos de idade ou perceptor de prestacións, ou subsidios de desemprego con 60 ou máis anos de idade,.
- Ser titular ou persoa beneficiaria do Sistema da Seguridade Social Española, con idade igual ou superior aos 65 anos.

(c) Ter unha capacidade económica persoal anual inferior ou igual a 11.928,22 €. (1,6 veces o IPREM do ano 2015).

Na valoración da capacidade económica persoal, teranse en conta os ingresos netos das persoas solicitantes, cónxuxe ou parella de feito recoñecida legalmente, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores de 25 anos en situación de discapacidade que dependan economicamente do/da solicitante.

(d) Ter a autonomía suficiente para realizar actividades básicas da vida diaria e non padecer enfermidade ou deterioro cognitivo que poidan alterar na convivencia durante a viaxe.

As persoas solicitantes poderán participar co seu cónxuxe, súa cónxuxe, ou coa súa parella de feito reconocida legalmente. A esta persoa non se lle esixirá o cumprimento do apartado (b)

Poderán incluírse na solicitude, os fillos e fillas con discapacidade (grao mínimo do 45%), coa condición de que a discapacidade permítalles viaxar e o fagan acompañados/as dos seus pais/nais compartindo con eles habitación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

No caso de que o número de persoas solicitantes sexa superior ao número de prazas do programa, procederase a adxudicar as prazas pola seguinte orde:

- Non ter viaxado na convocatoria municipal nas tempadas 2014/2015 nin en 2015/ 2016.
- Solicitantes de maior idade.

Tras aplicar estes criterios e no caso de quedar prazas vacantes, terán preferencia aquelas persoas solicitantes de maior idade que viaxaran na convocatoria 2014/2015 e posteriormente os que viaxaron na tempada 2015/2016.

As listaxes de espera tamén se elaborarán en base a estes criterios.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES

Vistas as solicitudes e a documentación, elaboraranse as listaxes provisionais de persoas admitidas e de reserva, persoas excluídas e solicitudes pendentes de documentación. As listaxes poderanse consultar na OMAD, nos centros cívicos, no 010 Teléfono Municipal de Información e na páxina www.serviciosociales.coruna.es.

A inclusión das persoas nas listaxes, non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que todos e todas reúnen os requisitos esixidos polo IMSERSO para acceder ás prazas convocadas

A partir de decembro do 2016, as persoas admitidas recibirán no seu domicilio unha carta informativa onde se indicará o destino e a quenda de viaxe.

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- **Advírtese expresamente que a duplicidade de solicitudes no Concello e no programa do IMSERSO, serán detectadas, validando a solicitude municipal e eliminando as restantes.**
- **As persoas que se inscriban na convocatoria municipal, non recibirán en setembro a carta informativa do IMSERSO.**
- Aquelas persoas que sendo seleccionadas para viaxar, non acudan á viaxe (salvo causa xustificada valorada pola OMAD), constará como que si viaxaron.
- Unha vez asignado a quenda e destino da viaxe, non se poderán realizar cambios respecto diso, salvo causa debidamente xustificada valorada pola OMAD e suxeita á dispoñibilidade de praza
- As persoas admitidas que desexen aloxarse en habitación individual, deberán facerse cargo da reserva e pago da mesma. En ningún caso se xestionará a reserva ou se abonará o custo desta habitación por parte do Concello.
- O Concello da Coruña non se fai responsable de calquera perda ou subtracción no transcurso da viaxe.

MÁIS INFORMACIÓN

Oficina Municipal de Dependencia, Maiores e Discapacidade (OMAD)
Nos teléfonos 981 189 871 e 010 Teléfono Municipal de Información
Na web www.serviciosociales.coruna.es